



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza - Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar - Decembro

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión extraordinaria celebrada o 15.01.2024 aprobou inicialmente o Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2023, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 15 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 0228

BECERREÁ

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA.

Formulada, rendida e sometida á Comisión Especial de Contas deste Concello, a Conta Xeral, correspondente ó exercicio 2022, expónse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir de seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante os mesmos os interesados lexitimados, poderán examinala e formula-las reclamacións, reparos e alegacións que estimen pertinentes, no prazo de exposición, de conformidade co disposto nos artigos 116, da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Becerreá, 26 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Manuel Martínez Núñez.

R. 0251

GUIRIZ*Anuncio***GUIRIZ. EXP. 974/2023**

Na sesión do Pleno da Corporación celebrada o 25 de xaneiro de 2024 aprobouse inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio económico de 2024. Ao abeiro do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se dirixirán á Alcaldía – Presidencia desta Corporación. No caso de non presentarse reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento.

Na mesma sesión indicada, en cumprimento do establecido no artigo 103.bis) da Lei 7/1985, do 2 de abril aprobouse a masa salarial do persoal laboral correspondente ao mesmo exercicio económico, ascendendo á contía de 1.360.661,93 euros.

Guiriz, 26 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0250

MONTERROSO*Anuncio*

Celebradas as eleccións Municipais o pasado día 28 de maio de 2023, vista a sesión constitutiva do Concello de data 17 de xuño de 2023, en uso das facultades que lle confiren os artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade cos artigos 43, 44, 45 e 51 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar as seguintes áreas/materias:

Área/materia	Concelleiro
Igualdade	Jessica Rodríguez Méndez

SEGUNDO. Estas delegacións enténdense relativas a un determinado servizo. Neste caso, a delegación comprenderá a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. Notificar persoalmente a presente resolución á persoa designada, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución polo Alcalde.

Monterroso, 23 de xaneiro de 2024.- O Alcalde-presidente, Eloy Pérez Sindín.

R. 0229

MURAS

Anuncio

Por resolución da Alcaldía 2023-0751, foi aprobado o PADRÓN SAF- OUTUBRO 2023, na modalidade de libre concorrência e de dependencia.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O período voluntario para o cobro do importe das cotas establécese en DOUS MESES, contados desde a presente publicación no BOP. Transcorrido o período de cobro en voluntaria sen que se satisfixeron as cotas, iníciase o período executivo con arranxo ao disposto no artigo 69 e seguintes do RXR, cos correspondentes recargas, xuros de demora e demais conceptos que sexan esixibles.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102 da LXT. O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Muras, 28 de decembro de 2023.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0230

O VICEDO

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 24 de xaneiro de 2024 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso-oposición, de dous peóns de mantemento de zonas naturais, a xornada completa, como persoal laboral temporal do Concello do Vicedo con adscrición ó servizo de obras e mantemento do Concello do Vicedo (programa “Reforzo do Emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2023” financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo).

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días naturais, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

O Vicedo, 24 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0231

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 24 de xaneiro de 2024 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante oposición, de un auxiliar de información turística, a xornada completa, como persoal laboral temporal do Concello do Vicedo con adscrición ó servizo municipal de turismo do Concello do Vicedo (programa “Reforzo do Emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2023” financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo).

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días naturais, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

O Vicedo, 24 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0232

Anuncio

Por resolución da Alcaldía de 24 de xaneiro de 2024 prestouse aprobación ás bases para a selección, mediante concurso-oposición, dun peón de servizos múltiples, a xornada completa, como persoal laboral temporal do

Concello do Vicedo con adscrición ó servizo de obras e mantemento do Concello do Vicedo (programa “Reforzo do Emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2023” financiado pola Excm. Deputación Provincial de Lugo).

O prazo para a presentación de solicitudes é de dez días naturais, o cal se computará a partir do día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Todas aquelas persoas interesadas en participar no proceso selectivo poderán consultar as bases na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no taboleiro de edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

O Vicedo, 24 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez

R. 0233

XERMADE

Anuncio

Aprobación inicial do regulamento para a asignación dos complementos de produtividade e gratificacións do persoal do Concello de Xermade

Aprobado inicialmente o regulamento para a asignación dos complementos de produtividade e gratificacións do persoal do Concello de Xermade, por acordo do Pleno de data 24/01/2024, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concelloxermade.sedelectronica.es>].

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, entenderase definitivamente aprobado o regulamento.

Xermade, 24 de xaneiro de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0234

Anuncio

Asunto: aprobación inicial de expediente de suplemento de crédito núm. 2024/SC/01.

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión ordinaria celebrada o 23/01/2024, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2024/SC/01, do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, por importe de 63.264,12€, financiado cunha operación de crédito.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente o acordo inicialmente adoptado.

Xermade, 24 de febreiro de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0235